


ROULANDO

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Fevereiro, 2021

No 1



Portada: Antía Rodríguez (2º ESO) e Pablo Rodríguez (1º ESO)

EDITORIAL

Benvidas/os a todas/os a esta andaina da revista **Roulando**, revista do IES, que dá comezo con este primeiro exemplar. Nace como un lugar de encontro para nos mostrarmos e expresarmos, porque sempre hai algo que dicir, que crear, lembrar ou dar a coñecer. Así pois, **Roulando** pretende ser crisol das diferentes sensibilidades e individualidades que circulan polo centro. “Roular” é o ruído que fai a roda do muíño ao virar, mais tamén é botar a rolos algo ou moverse xirando sobre unha/un mesma/o. Agardamos que soe e se mova moito.

Contamos cun bo equipo de colaboradoras/es, inquietas/os pola información e a creación. Mais concíbese como unha plataforma na que todas/os podeades colaborar e participar.

A nosa liña editorial? Moi sinxelo:

- 1) O uso do galego como lingua de expresión e comunicación da nosa realidade e da nosa visión sobre ela.
- 2) O respecto por todo tipo de tendencias, identidades e xeitos de pensar.
- 3) A expresión informativa e creativa desde o noso lugar, Coutadas (terreo limitado para o pasto do gando), en Teis (barrio con moita historia), a un paso do centro de Vigo e con vistas á ría e á AP9. Desde o noso centro, república particular onde habitamos máis alá do horario escolar, de aí xorde o que ides ler.

Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES ROU.
Biblioteca do IES ROU.



ÍNDICE

	PAX
AS NOVAS	
De saias e outras vestimentas _____	2
María Losada e Telma Campos (2º ESO)	
Un día de saias _____	3
Bruno Núñez, Helan Roda e Zorayda Pacini (1º BACH.)	
COIDO QUE...	
Protocolo COVID _____	4
Leo Santiago e Pedro Espada (2º ESO)	
CON CIENCIA	
Artrópodos que non debes confundir _____	5
Pablo Rodríguez (1º ESO)	
Comeza a compostaxe no ROU! _____	6
Miguel Vila (1º ESO A) e Nadia García (1º ESO)	
CONTO CONTIGO	
Tortura _____	7
Antón Álvarez (1º ESO)	
A nena soñadora _____	10
Mateo Fernández Rivera (2º ESO)	
Un día de sereas _____	10
Saúl Santiago Cantero (2º ESO)	
O país de Non-espertar _____	11
Sandra Pombo Silva (2º ESO)	
ESTIVEMOS CON...	
Antonio Giráldez Lomba _____	12
Pablo Barciela, Miguel Berros, Pablo Molejón (2º BACH)	
SEAREIR@S	
O increíble Rafa Nadal en Roland Garros _____	14
Antón Justo Vicente (2º ESO)	
A segunda vida de Romain Grosjean _____	14
David Martínez García (2º ESO)	
EFECTO SONORO	
K POP – Pop coreano _____	16
Antía Rodríguez (2º ESO)	
A TIRA	
Manga Pokemon _____	17
Uxía Soto (2º ESO)	
Eran e San Pedro _____	18
Francisco Grande (2º ESO) e Antonio Grande (1º ESO)	
XOGAMOS?	
Enigmas matemáticos _____	19
Hugo Regueiro e Pablo Rodríguez (1º ESO)	
QUE VER? QUE LER?	
Sobre novidades editoriais _____	19
Anxo Xoán Rajó Pazó (Profesor de Lingua Galega)	

De saias e outras vestimentas

María Losada e Telma Campos (2º ESO B)

En moitos lugares as persoas non teñen liberdade para vestirse coa roupa que queiran. É dicir, os diferentes atuendos teñen unhas certas normas ou non están bem vistas determinadas formas de vestir, dependen da cultura e país no que se estea.

As mulleres, nalgúns países, teñen pouca liberdade para elixir a súa vestimenta. Por exemplo, en Italia, exactamente na cidade de Varallo, o alcalde prohibiu ás mulleres musulmás usar o burkini, unha prenda que se usa como traxe de baño e que ten orixe musulmá, porque, segundo el, aos nenos pode asustarlles unha muller “enmascarada”. Principalmente, fánse estas prohibicións porque unha vez, en Córcega, unhas mulleres musulmás levaban esta prenda e uns turistas comezaron a tirarlles fotos. Os homes que ían con elas atacaron aos turistas e mais a un grupo de mozos do lugar que ían con coitelos, machetas... Por sorte ninguén morreu. Nesta parte de Francia, prohibiron esta prenda, para evitar atentados e/ou ataques terroristas. Moitas persoas pensan que o burka é unha prenda que atenta contra a dignidade das mulleres.

En moitos outros países prohibiron outras prendas típicas musulmás, pero ás veces é xustamente o contrario, prohibese o uso doutras vestimentas que non sexan musulmás. Noutros países, como Afganistán, Irán ou a Península Arábiga, as mulleres musulmás levan prendas de roupa coas que case non se lles pode ver a cara. Son atuendos como o Hiyab, Chador, o Burka e o Niqab, estas prendas cobren todo o corpo, pero en cada unha delas, a cara da muller vaise vendo menos. Isto sucede porque moitos homes desa cultura cren que as mulleres son “impuras”, polo que deberían estar totalmente cubertas, como se quixesen que pasasen desapercibidas. Hai quen o entende como unha diferenza cultural máis alá da falta de liberdade.




Burkinis



Pantalóns bombacho

Unha vez, un diplomático preguntoulle a unha muller o enderezo dun famoso monumento da cidade. Esta muller levaba un velo que lle cubría a cara e o home tiroullo á forza porque non quería falar con alguén co rostro oculto. As mulleres comezaron a usar pantalóns no século XIX, nun principio eran unha especie de pantalóns bombachos cinguidos nos xeonllos que sevían para contar cunha maior moblidade nos paseos en bicicleta. En 1880, en Estados Unidos, as mulleres usaban saia-pantalón para montar a cabalo. O uso xeneralizado do pantalón na muller non chegou ata o período de guerra do s. XX, porque se necesitaban mulleres para traballar nos labores que antes só facían os homes. Foi así que lles brindaron os uniformes e monos necesarios para o traballo.

No caso dos homes, nalgúns países, non está moi ben visto que leven saias, vestidos ou prendas que se consideran femininas, aínda que noutros a súa vestimenta tradicional é unha saia, isto pasa nalgúns países do mundo: Escocia, Irlanda, Indonesia, Grecia e algúns países de África. Antes, os tacóns eran un símbolo de estatus para os homes, os primeiros en levar tacóns foron os xinetes persas do século X. A moda dos tacóns chegou até o século XVII, aos aristócratas europeos, e convertéronse nun símbolo de virilidade e poder militar. Na época de Luis XIV canto máis altos e vermellos eran os tacóns, máis poderoso era o home que os calzaba. No século XVIII os tacóns aparecen como calzado feminino, e coa Revolución Francesa desaparece o tacón masculino, xa que se asociaba á aristocracia, mais non de todo, pois aínda pode apreciarse nalgunhas botas. Agora, está mal visto, que os homes leven tacóns.



Luis XIV con tacóns

No caso das saias, houbo moitos problemas porque os homes as levasen, un bastante recente é o dun neno en España que levou ao instituto unha saia. El, como sabía que lle podían dicir algo díxolles ás súas amigas que vestisen tamén unha saia. Para a súa sorpresa, un profesor interrompeu a súa explicación para que fose ao psicólogo. O mozo, en protesta, colgou un video en Tik Tok e miles de rapaces e rapazas en toda España acordaron levar unha saia a modo de manifestación.



Mozos con saia

Un día de saias

Bruno Núñez, Helan Roda e Zorayda Pacini (1º BACH. D)

O pasado 4 de novembro vivimos en España un día que nós definiríamos como histórico: os rapaces e rapazas de todo o país decidiron ir vestidos cunha saia ao instituto. A razón foi unha campaña que comezou na rede social Tik Tok desde a que un mozo mostrou o seu descontento polo trato que recibiu ao ir vestido cunha saia ao instituto. Denunciaba no vídeo como o apartaron da aula e lle suxeriron que podía estar a sufrir un trastorno para finalmente advertirlle que non podía vestir dese xeito. O seu vídeo de denuncia da situación fíxose viral e moitos adolescentes uníronse á causa en protesta contra o maltrato que sofren moitos mozos polo feito de levar unha prenda que non adoita ser utilizada por homes. O eslogan deste movemento foi: “a roupa non ten xénero”.

No noso instituto, o movemento foi ben recibido. Non foron moitos os rapaces que asistiron ás aulas en saia, mais chamaron a atención. Moitas mozas si que levamos postas saias como apoio á reivindicación. O pensamento xeral dos/as adolescentes, en especial dos máis veteranos, foi que este movemento era ridículo e non ía cambiar ningunha problemática actual; mais os rapaces máis novos uníronse á iniciativa con alegría. Os adolescentes non pensan que esta prenda nin ningunha outra teña un significado asociado. A idea de que a roupa ten xénero é propia dunha mentalidade anticuada.

Por parte do profesorado, non percibimos ningunha actitude ou comentario fóra de lugar. A resposta xeral foi curiosidade e tamén apoio.

Protocolo COVID


Leo Santiago e Pedro Espada (2º ESO B)

Nos días que corren o coronavirus está moi presente nas nosas vidas. Por iso, desde a revista do ROU decidimos preguntarlle á xente que opina sobre os protocolos postos en marcha para evitar posibles infección. Entrevistamos a Rosa de Los Ángeles del Río, a xefa de estudos. Rosa está razoablemente satisfeita, tendo en conta os medios dos que dispomos.

Entre o alumnado hai compañeiros e compañeiras que comentan estar satisfeitos co esforzo realizado desde o centro: “Fixeron o que puideron” confesa un alumno, “claramente, as entradas escalonadas son unha boa medida”, insiste.

En definitiva, desde o centro puxéronse en marcha unha boas medidas, cun gran esforzo desde dirección e, desde logo, por parte do alumnado, profesorado e persoal non docente que soportan máis directamente o protocolo de prevención.

A pesar do excelente control de casos desde o centro “aínda nos quedan uns cantos meses moi difíciles”, recoñece a xefa de estudos.



Fotografía de Agustina Álvarez (2º BACH. E)

Artrópodos que non debes confundir


Pablo Rodríguez (1º ESO B)

Típulas e mosquitos


As típulas parecen mosquitos enormes con longas patas e pequenas ás que voan polos aires dunha forma torpe e patética, colisionando con calquera obstáculo que atopan ao seu paso. Estes insectos non pican, a maioría non poden nin comer e os que si consomen algún tipo de alimento, teñen un estrito menú de néctar.



Típula (*Tipula* sp.)



Típula (bosquexo do autor)



Mosquito (bosquexo do autor)



Mosquito común (*Culex pipiens*)



Xoaniña (Coccinellidae)

Xoaniña e escaravello de catro manchas


Creo que tampouco fai falta falar moito das xoaniñas. Son insectos redondiños que controlan pragas de pulgóns e teñen unha cor vermella con manchas negras. Pero non hai que confundilos cos escaravellos de catro follas manchadas. Estes últimos son máis alongados e devoran as plantas que ven ao seu paso.



Escaravello de catro manchas (*Clytra quadripunctata*)



Xoaniña (bosquexo do autor)



Escaravello de catro manchas (bosquexo do autor)

Comeza a compostaxe no ROU!

Miguel Vila González (1º ESO A) e Nadia García García (1º ESO B)

Con este artigo queremos convidarvos ao alumnado, profesorado, e demais persoal do noso instituto, o ROU, a colaborar con nós, os rapaces e rapazas de 1ºESO, na elaboración do noso propio compost e así poder fertilizar a nosa horta sen empregar fertilizantes químicos que danan o noso ecosistema.

O compost é o produto da descomposición biolóxica de materia orgánica biodegradable (orixe vexetal e animal), mentres que o proceso para conseguilo denomínase compostaxe.

Para axudarnos, soamente tedes que depositar, no caldeiro ubicado na porta da entrada principal, restos dos vosos almozos como poden ser: tonas e restos de froita e verdura, restos de comida e de pan, cascas de froitos secos, pousos de café e restos de infusións ou tamén follas secas. Lembrade que nunca podeades depositar plásticos, papeis ou semellantes.

Se nos axudades a nós, tamén estaredes axudando ao planeta, xa que ao empregar o compós e elaboralo, beneficiaremos ao medio ambiente. Por unha banda, recuperaremos e reciclaremos recursos naturais, pechando o ciclo de vida da materia orgánica e tamén transformaremos os residuos nun recurso útil, como é o compost.

O compost é moi importante para nós, porque vai axudar ás nosas plantas a que crezan saudables e máis fortes. Mellora a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión, aumenta a fauna do solo, principalmente as miñocas, facilita a aireación e achega os elementos nutritivos necesarios para o bo crecemento das plantas.

A natureza precisa da nosa axuda para poder recuperarse de todas as situacións en que os seres humanos a poñemos en perigo.

Non temos que ser Greta Thunberg para coidar a nosa contorna. Pensádeo, só vos pedimos que tiredes o voso lixo no lugar axeitado. **Contamos co voso compromiso ecolóxico!**



Tortura

Antón Álvarez (1º ESO B)

Subín ao ascensor con aquela persoa descoñecida. Deume vergoña mirala directamente, pero polo rabo do ollo observei que vestía roupas negras coma a noite. Preguntoume con voz cavernosa, como saída das mesmas entrañas da terra, a que piso ía. Eu, con apenas un fío de voz dixen “ao sétimo” e esa foi toda a conversa que mantivemos pois, sen sequera xirarse, limitouse a marcar o número. As portas pecháronse e un mal presentimento percorreume o espiñazo en forma de calafrío. Á altura do quinto o ascensor parouse de golpe e foise a luz.

Non tardei un pestanexo en sacar o móbil para acender a lanterna e, porén, non me deu tempo. Notei un olor moi forte nos fociños e caín ao chan.

Cando espertei, tiña as mans e os pés atados e estaba amordazado nunha das suits do hotel. Xunto a min había un home, en fronte de nós encontrábase unha mole de dous metros cunha expresión enfadada e un ton ameazante na ollada e tras el estaba unha muller xa maior, con polo menos 50 primaveras ao seu lombo, vestida cunha blusa beige e uns pantalóns vaqueiros.

Ela, achegouse a nós e díxonos ao oído: “Espero que as vosas familias se preocupen por vós porque estades secuestrados”.

Naquel intre, eu aínda estaba interpretando a información que os sentidos mandaran ao meu cerebro adormecido. Pasara de estar nunhas maravillosas vacacións moi merecidas, a ser vítima dun secuestro.

Dende aquel día tivéronos a pan e auga, malvivindo. Recibiamos constantes malleiras por parte daquel home noxento. A pesar dese trato, o que máis me chamaba a atención era que nos obrigaban a ver as noticias na TVG; ao fin entendín o motivo, querían que observásemos como os nosos familiares e amigos sufrían e como o dispositivo de busca cada vez se afastaba máis de nós. Era unha tortura psicolóxica que cambiou a miña forma de pensar.

Eu aínda recordo o día que marcou, especialmente, a miña experiencia. Metéronnos nun coche e leváronnos a unha casa illada, nunha fraga. Logo de chegar, deixáronnos durante 15 minutos nunha habitación que parecía insonorizada e tan só contaba cuns postes de ferro, uns focos e as paredes. Pasado un tempo, que parecía unha eternidade, entrou a mole con dúas culleres, tesoiras de podar e un alicate. Pasamos tanto medo naquel momento que o meu compañeiro comezou a chorar, eu simplemente recei as miñas pregarias.

Tras el entrou a señora rindo, moi risoña. Cuns aires irónicos dixo:

- Imos soltarvos.

Non fomos quen de crela e estabamos no certo. Pouco despois engadiu:

- ...Se a vosa familia paga o rescate, claro! Pero como parece ser que non se cren que vos temos presos ... e que só somos uns aproveitados do rebumbio que xera o caso...teremos que enviarlles uns agasallos. Este é Igor, de Vladivostock, é un bo socio e moi experto no que fai. Igor procede.

Nada máis recibir a orde, Igor, por sorte para min, colleu ao meu compañeiro e atouno a un poste. Quitoulle a mordaza e agarrou os alicates, abriulle a boca á forza e colleu o seu incisivo inferior esquerdo co alicate. O secuestrado intentou, dando golpes coa mandíbula e tratando de cuspir o alicate da súa boca, sacar aquel obxecto que lle provocaría tanta dor. Igor sacou o alicate bruscamente da súa boca levando consigo o dente, o grito de dor que irrompeu na sala nese momento foi o berro máis espantoso que oín na miña vida, foi un grito que saíu da súas cordas vocais cun ton grave para, de seguido, pasar a ser un son tan agudo que parecía imposible que fose emitido por un humano.

Da súa boca saíu un pequeno fío de sangue, que foi medrando cada vez que Igor arrincaba un dos dentes da súa boca. Antes de arrincar o último, mirou aos ollos a aquel pobre home, miroume a min e tiroume as tenaces. Eu non as puiden coller, seguía coas mans atadas. El decatouse e quitoume as cordas, achegouse e díxome mentres me desataba:

- Viches o que fixen eu? Fai o que che toca.

Eu quería resistirme pero non fun quen de desobedecer a Igor.

Planteime diante daquel home co queixo ensanguentado e a faciana irrecoñecible. Mirándoo petrificado, tentei causarlle a menor dor posible. Pero foi inevitable, o grito foi máis forte que os anteriores e eu non creo que fose porque lle doese máis, xa nada lle podía doer, senón porque non podíamos imaxinar, ningún dos dous, aquela situación e que eu lle fixera iso, simplemente lle doeu máis que a dor que lle causara Igor.

Cando rematei, mandoume sentar de novo e atoume; o seguinte paso foi cortar metodicamente os dedos dos pés e das mans do secuestrado e, tras rematar con eles, cortoulle tamén as orellas. Ao finalizar colleu as dúas culleres e introduciunas lentamente nas órbitas dos seus ollos. Foi horrible a sensación que lle debeu producir iso, as culleres eran unhas culleres de café que debían de estar a cravarse nas córneas daquel home. As pálpebras comenzaron a pechárselle, e cando sacou o ollo quedou colgando sostido por un tecido que parecía unha mestura de nervos e graxa. Tras arrincar os dous ollos cortou aquel fío que aínda os sustiña, de alí brotou un chorro de sangue que manchou toda a habitación.

Ao acabar, aquela escena era a máis noxenta e horrible que se poida vivir, había un home practicamente inconsciente atado a un poste de ferro, un xigante con notables e numerosas manchas de sangue na súa roupa e eu observando todo.

Cinco minutos tardou en volver a señora, que marchara para non vivir a horrible situación. Cando chegou, adicouse a meter nunha especie de caixa de bombóns os restos do desfeito home. O resultado final foi unha caixa de bombóns cos dentes, as orellas, os dedos e dous ollos no centro.

Eu estaba aterrado, o seguinte era eu. Pero non sucedeu nada, nin aquel día nin os seguintes, debíalles valer con aquel agasallo.

Algúns días despois a odiosa xefa comunicounos, porque o meu compañeiro estaba polo menos respirando; que:

- "O agasallo xa estaba entregado e a policía xa comenzara a negociar con eles."

Interpretei que xa non ía sufrir máis, pero a min tocume o peor: o método de tortura elixido foi o “Esfafismo”. Consiste en poñer á vítima nun caixón da madeira coas extremidades expostas ao exterior, cubertas de mel. Os insectos séntense atraídos pola substancia doce e póusanse nos brazos, nas pernas e na cabeza do torturado; aínda que só o feito de ter bichos na túa pel é moi molesto, a verdadeira tortura é cando estes deciden por ovos nas túas extremidades e tras iso saen as larvas. As larvas comenzan a comerche a pel dos xeonllos, dos cóbados e o pelo. Tras pasar algúns días pensei que se renderían ou esquecerían de min, pero cando os bechos se fixeron máis numerosos xa non podía pensar coa dor que me causaban. A dor e incomodidade eran insoportables.

Os días facíanse longos e polas noites non podía durmir, as pequenas larvas coméranme as pálpebras e non podía pechar os ollos, eu sabía que sen durmir o home non pode aguantar moito tempo vivo, deime por morto e deixei levar ata a morte. Pero as cousas non sucederon así, cando estaba alí agonizando chegou Igor, liberoume e colleume as costas, logo de deixar que me recuperase durante uns días, meteume no coche e levoume a unha zona con moi pouco tránsito e despexada da fraga. Todo apuntaba a que ía producirse o intercambio como sempre pasaba nas películas, estaba moi esperanzado.

O coche detívose, Igor abriu a porta e nada máis saír do coche, disparoume na perna. Caín ao chan cunha dor inmensa na perna, despois colleu un bate de béisbol e deume unha malleira, eu cheguei a non sentir nada, ata que nun momento dado notei unha punzada no lombo: a miña columna partírase, fixérase anacos e supuxo o meu paso a unha vida mellor.

Cando se deu conta de que eu xa falecera, tiroume ao río máis próximo, tiven a sorte de chegar a unha vila onde a miña aparición chamou moito a atención e a vila conmocionouse.

Dende entón, vago polos camiños tentando atopar aos secuestradores para asinalalos e que morran entre terribles sufrimentos.




Ilustración de Agustina Álvarez (2º BACH. E)

A nena soñadora (Relato baseado no cadro de Leandro Lamas)

Mateo Fernández Rivera (2º ESO B)

Había una vez, nun lugar non tan afastado, unha nena que durmiu e comezou a soñar con miles de aventuras. Cando o soño se apodera dela comeza a sentirse coma nun barco, un barco que se abala pola inmensidade do océano, suave e lentamente, suave e lentamente. Unha melodía soa na súa cabeza e un home cunha guitarra tócalle unha cación de berce tranquila e pacífica. Suaves brisas mornas pasan e pasan por enriba dela coma se fosen pequenas fadas con aliñas finas, case se pode sentir a fragilidade das súas perniñas e a forza da súa maxia. Outra brisa apodérase do ambiente, pero esta vez é moito máis cálida, tanto que ata pode queimar, desas brisas que se senten como se dragóns cuspe-lume voasen ao redor do barco emitindo a súa calor. O mar é máxico, con brisas cálidas ou mornas, incluso ás veces frías polas ondas que chocan contra os precipicios dos castelos mariños. Xunto a esas brisas e sensacións, xunto a esa melodía, xunto a ese abalar, a nena dá unha volta e cae da cama.



Cadro de Leandro Lamas

Un día de sereas (Relato baseado no cadro de Leandro Lamas)

Saúl Santiago Cantero (2º ESO C)

As sereas vivían máxicamente no seu mundo máxico. Aí estou eu: son o sereo azul. Chámome Fuco, teño 17 anos. Hoxe fixen un amigo estrela de mar; chámase Pedriño, é moi agradable.

A miña comida favorita é o tralalara, moi diferente do tralalalo, que obviamente non lle gusta a ninguén. Para que vos fagades unha idea, o tralalara sabe como a patacas fritidas tras unha semana sen comer. O tralalalo sabe a ovos podres e peludos despois dunha diarrea explosiva.

Aquí, neste mundo, é moi fácil facer amigos. Eu son o sereo con máis amigos deste océano. Mira! Aí vén Pedriño! Imos xogar a un xogo mariño: imos á terra, saltamos cara abaixo e quen se afunde máis na area gaña. É moi divertido.

Xa rematei de xogar con Pedriño, o bárbaro é boísimo neste xogo, hei de atopar un no que eu sexa mellor. Agora teño que cear, hai arcoiris mariño. Creo que o nome o di todo. Está boísimo. Unha vez acabo, cepillo os dentes e vou para a cama. O meu pai, Poseidón, vénme dar as boas noites. Hoxe foi un día estupendo.

- Fuco, esperta!
- Bos días mamá! Vamos á cociña, heiche contar o meu soño, foi marabilloso!

O país de Non-espertar (Relato baseado no cadro de Leandro Lamas)

Sandra Pombo Silva (2º ESO A)

O país de Non-espertar estaba dividido en dous reinos: Doce Soño e Pesadelo. Se nacías nun deles, non podías relacionarte cos habitantes do outro reino. Iso era así e non se podía cambiar, aínda que se quixese.

Eu nacín en Doce Soño e chámome Blondie. Gústame a música rock, maquillarme con cores fluorescentes, os xeados de froitas e, sobre todo, durmir e ter doces soños. No reino todos somos felices e divertidos, estamos todo o día de festa. A verdade é que non temos problemas, e menos eu, que son a filla do rei.

O Reino de Pesadelo é diferente. A xente vive triste e pechada no seu castelo, non saben o que é a ledicia nin a diversión. Sempre visten de negro, están todo o día traballando ou facendo deberes e comen só verduras. Que noxo! E claro, cando dormen sempre teñen pesadelos. Só teñen unha cousa boa: Eddie.

Eddie é o príncipe do reino. É guapo e forte, moreno e de ollos azuis, sen dúbida el é o meu soño máis doce. Coñecino unha das noites que saín dar un paseo en barca, para relaxarme e desconectar un pouco. De súpeto oín como soaba unha guitarra dende outra barca e decidín ir ver de quen era aquela fermosa melodía. Intentei achegarme disimuladamente, mais co torpe que son, caín á auga. Eddie achegouse para axudarme, porque a miña embarcación perdérase no mar.

- Grazas por axudarme. - díxenlle eu timidamente.

- De nada, como te chamas? - preguntoume

- Eu chámome Blondie, son a princesa do Reino de Doce Soño.

- Vaia, encantado, eu son Eddie e son o príncipe do Reino de Pesadelo.

- E... gústache vivir no Reino de Pesadelo? -pregunteille timidamente.

- Non moito, pero non che hai outra cousa— díxome. De todas as maneiras, eu teño a miña música.

Entón púxose a tocar a súa guitarra e a cantar a canción "Alive", mentres eu adormecía e tiña o máis doce soño que se poida ter. Nese intre souben que xa non me podería separar de Eddie nunca xamais. E nesas estamos, porque non nos deixan... a que se montou cando os nosos pais o souberon! Non houbo unha guerra porque os de Doce Soño andaban de festa e os de Pesadelo comendo verzas.

Prohibíronnos saír dos nosos castelos, nin "wass", nin e-mail, nin Facebook nin nada. Todo o día encerrados, sen vernos e sen falar, una tolemia. E claro, algo tiñamos que facer. Eddie tivo a idea e eu organiceino todo: fugámonos! Alguén me contara que había un reino onde vivía xente moi rara que ás veces traballaba e outras, estaban de festa, uns días xogaban e outros facían deberes, comían larpeiradas e tamén verduras e, claro, ás veces tiñan doces soños e outras pesadelos. Era un lugar perfecto para nós.

Así que decidimos marchar, collemos a nosa barca e partimos rumbo ao Reino da Realidade. Pero esa xa é outra historia.

Antonio Giráldez Lomba

Pablo Barciela, Miguel Berros e Pablo Molejón
(2º BACH. E)

Entrevistamos ao historiador Antonio Giráldez Lomba que acaba de publicar a novela baseada en feitos históricos *1598, La peste en Vigo*, editorial Elvira. Tense ocupado do estudo histórico da cidade de Vigo e aproveitamos para preguntarlle tamén sobre o seu libro *Vigo y su colonia alemana en la Segunda Guerra Mundial*, Estudios Vigueses.



- 1) **É moi complicado informarse á hora de escribir un libro como *A peste en Vigo* ou xa coñeces fontes fiables ás que acodes sempre?** Para esta novela procurei dous informes fundamentais asinados polo prior da colexiata de Vigo, Gregorio Servido. No primeiro detalla as perdas e saqueos do ataque de Francis Drake en 1589. O segundo recolle a perda de vidas polo azoute da peste na vila. Tamén consulte artigos do Reino de Galicia ou documentos da Biblioteca do Palacio Real de Madrid, nos que o conde de Gondomar se preocupa pola indefensión de Vigo ao non contar cunha muralla. E é que investigar historia é ler, ler moito e con toda a información, tirar datos do que aconteceu para logo trazar un estudo histórico ou crear unha galería de personaxes que existiron na época e a partir de aí engadir ficción.
- 2) **Pasando a falar de Vigo, tiñamos interese en ver un pouco como pasou Vigo de ser unha vila pesqueira á gran cidade que é agora?** Aí hai varios sucesos que fixeron que gañase importancia a cidade. Ese medre da aldea mariñeira, hoxe o Casco Vello, deuse primeiro coa construción do lazareto en San Simón en 1842 a proposta do médico Nicolás Taboada Leal. O porto de Vigo pasa a ser un destino lugar de escala das compañías marítimas de América e europas. Medraron os negocios de compañías consignatarias que xestionaban as pasaxe e os víveres para os barcos. Vigo medra tanto que, no 1869, decide derrubar as murallas do s. XVII. Xa non é só unha vila mariñeira, ten negocios de arte e atrae a empresarios da conserva cataláns a finais do XIX. Na 1ª Guerra Mundial, Vigo é un dos portos máis importantes para o suministro de víveres á fronte occidental. No s. XX vai asumir a industria da automoción de Citroën, polo que duplicará até 250.000 habitantes a súa poboación.
- 3) **Que supuxo a peste na vida dos vigueses do século XVI?** O problema é que coincidiu co ataque de Drake e padecemos tres dos catro xinetes da apocalipse: fame por crises agrícolas e pesqueiras, guerra e peste. Os ciclos de peste foron habituais. Sufriron a peste en 1569, outra vaga dez anos máis tarde, outra en 1598 e a mediados do século XVII aínda houbo outro abrocho moi forte. Entón a cidade non acababa de levantar cabeza. Despois da peste volvía crecer, mais vívese unha época de estancamento demográfico. En Vigo, en 1598 había 800 fogares o que nos daría 3500 habitantes e segundo o prior Gregorio Servido só quedaron libres de peste 22. Mais é difícil dar unha resposta científica sobre se todos morreron, porque cando chegou a peste moitos vigueses fuxiron da vila, levándoa a outras zonas próximas. O máis probable é que houbera unha supervivencia superior a 500 persoas e menor de 1000.

5) **Pensas que hai moita similitude entre a pandemia de peste de finais do s. XVI e o que estamos a vivir hoxe en día?** Pois xustamente a similitude é o que me levou a incluír o coronavirus na novela, debido a tres semellanzas moi concretas coa epidemia de 1598 que lembran o que está pasando neste 2020. O crego dixo nun sermón da igrexa colexiata de Vigo as recomendacións do alcalde, que eran: 1 A distancia entre uns e outros. 2 Hai que pechar os mercados públicos porque se concentra xente e é un perigo de contaxio; tamén se suspendeu o oficio relixioso dentro da igrexa e as misas celebrábanse ao aire libre. 3 As persoas infectadas teñen que gardar corentena nas súas casas, confinadas. Tiñan as súas casas marcadas cunha cruz branca. Estas tres medidas, 422 anos despois, parécenme moi semellantes.



6) **Cambiando un pouco de tema. Sobre o teu traballo da presenza dos nazis en Vigo, por que chegan a Vigo e cales eran os seus obxectivos xerais?** Eu prefiro falar de como se estableceu a colonia alemá de Vigo porque os alemáns chegan a Vigo antes cós nazis. Alemaña tras a 1ª Guerra Mundial, padece moito paro e entra en crise. Entón familias emprendedoras nesa crise dos anos 20 instálanse en Vigo que ten conexión marítima co porto de Hamburgo, para desenvolver negocios de importación de maquinaria e pezas de barcos e tamén produtos farmacéuticos. En España, antes da Guerra Civil hai arredor de 15.000 familias alemás, das cales só 700 están afiliadas ao partido nazi, xurdido en 1933. Mais no 1939 todas as familias alemás afílianse ao partido nazi pola sintonía do réxime de Franco co de Hitler. Víronse abocadas a iso. As familias alemás en Vigo no tempo da 2ª Guerra Mundial son entre 150 e 200.

7) **O partido nazi atopou moito apoio en Vigo?** Pois a familia Conrad-Meyer foi o número un do partido nazi en Vigo, proxectaba propaganda nazi e celebraba o aniversario de Hitler en Vigo. Tamén mantiña un contacto estreito co director do colexio alemán en Vigo que, na medida en que dependía do goberno alemán, organizaba desfiles e ensinaba a ideoloxía fascista alemá. Mais outros tiveron un papel máis circunstancial, por non ir loitar na 2ª Guerra Mundial asumían ese cargo representativo. Aquí non houbo nazis no labor de perseguir xudeus, vivían desde a distancia e non simpatizaban con iso. Ao remate da guerra recicláronse rapidamente e distanciáronse do réxime.

8) **Actualmente queda algún vestixio desa colonia alemá en Vigo?** En Vigo a colonia reduciuse lamentablemente co paso do tempo até practicamente extinguirse. Nos anos 70 o colexio alemán tiña máis alumnado vigués ca de familias alemás que non chegaban ao 10%. Tamén porque a vaga migratoria foi ao revés, familias galegas que emigraron a Alemaña e Suíza na procura de traballo. Mais esas familias alemás de inicio de século foron moi activas no desenvolvemento industrial e da cidade de Vigo. Sobre todo do comercio do carbón e de produtos farmacéuticos e clínicos. Por exemplo a empresa Zeltia galega naceu da colaboración cun químico alemán. Así que foron cruciais no desenvolvemento industrial vigués.

Moitísimas grazas polo teu tempo e polo ben que nos explicaches toda esta información tan amena e de tanto interese para coñecermos o que pasou na cidade. Até outra ocasión, agardamos que en persoa.

O increíble Rafa Nadal en Roland Garros

Antón Justo Vicente (2º ESO)

O Aberto de Francia, moito máis coñecido como Roland-Garros é un torneo de tenis, en terra batida, que compón o Grand Slam, disputado dende a súa inauguración en 1891 baixo a organización e a protección da Federación Francesa de Tenis (FFT).



Polo Roland Garros pasaron moitos tenistas diferentes pero todos con algo en común, disfrutar do tenis e deste gran torneo e bater o récord de vitorias que a día de hoxe léva consigo o gran Rafa Nadal que gañou xa, nada máis nin nada menos, que trece veces en Roland Garros, moi lonxe do récord anterior de seis vitorias do sueco Björn Borg; polo que poderíamos dicir que Rafa é practicamente invencíbel no po de ladrillo de Roland Garros.

Este gran exemplo de superación gañou na terra do Aberto de Francia por primeira vez cando só tiña 19 anos e ese foi o comezo da súa proeza en Francia no ano de 2005 e esta proeza segue a continuar neste ano 2020 cando xa ten 34 anos despois de pasar por lesións variadas que lle apartaron do tenis en varias ocasións pero este home segue a sorprendernos cada día máis que nunca.

Esta edición do torneo foi totalmente distinta ás anteriores, con menos público, menos ambiente, e todo isto debido á pandemia. Pero aínda así o nivel de tenis era o máis alto posible en todos os tenistas, pero aínda máis en Rafa, que xogou cada partido como se da mesma final do torneo se tratase.

A segunda vida de Romain Grosjean

David Martínez García (2º ESO)

O Gran Premio de Baréin da Fórmula 1 deixounos un momento moi tenso e perigoso. A explosión do coche do piloto Romain Grosjean fíxonos pensar o peor para o galo. De maneira case imposible, saíu de debaixo do gardarraíl co vehículo cheo de lume, aliviou un momento moi tenso na historia do Automobilismo a nivel mundial. O lume devorou o coche, aínda que despois os operarios apagáronno. Romain quedou só con queimaduras en mans e pés, ademais dun forte golpe no peito.



Romain Grosjean

Despois deste accidente, Romain dixo que non volvería correr de maneira profesional nun coche sen halo, o elemento que o privou da morte, pois este accidente fíxolle cambiar de idea. El fora un dos máis críticos con este elemento cando fora instalado, porque dixo que era feo, quitaba moita visión e que dificultaba a saída de quen tivesse un accidente do seu coche.



Halo dun monopraza F1

O halo é un elemento de titanio que ten como propósito protexer aos pilotos de trozos de fibra de carbono doutros monoprazas e que os monoprazas doutros pilotos non impacten contra a cabeza. Pode aguantar ata un autobús de dous pisos inglés, polo que pode aguantar ou repeler un coche de Fórmula 1.

Análise do accidente

Romain saía na posición 19, detrás do seu compañeiro e diante dun Williams. Fixo unha saída normal-mala, adiantando ao outro Williams, que saía moi mal. Ao chegar á 1ª curva, adiantou ao ruso Daniil Kvyat. Na curva 3 (que é case unha recta cunha suave curva ao principio), o francés viu que 4 pilotos ían lentos e viu un oco importante na parte dereita da pista.

Xirou cara aí para adiantar aos pilotos correspondentes, pero non viu a Kvyat. O piloto ruso tamén ía máis rápido ca o Ferrari, McLaren, Alfa Romeo e Haas, e ía case en paralelo có galo. Daniil xirou cara fóra da pista pero Romain xirou máis, polo que o toque foi inevitable, aínda que o ruso tentou frear antes de chocar.

O coche do francés saíu sen control a 220 quilómetros por hora, impactando e atravesando parcialmente o gardarraíl, no cal o depósito de combustible rebentou ao contactar e atravesar o gardarraíl e o coche quedou cheo de lume.

O halo fixo o seu efecto, e aguantou o gardarraíl enriba da cabeza de Grosjean.



Análise da carreira deportiva de Romain Grosjean



No **2003** debutou en monoplasas, na Fórmula Renault.

No ano **2006** pasou á Fórmula 3, gañando no 2007 o campionato

No **2008** debutou na GP2, continuando aquí ata o 2011, cando conseguiría o campionato da GP2 e da GP2 asiática

No **2009** correu unhas carreiras para Renault, coma compañeiro de Fernando Alonso

No **2012** retornou á Fórmula 1, co equipo Lotus (que comprara o equipo Renault)

Obtivo 3 podios, aínda que puido obter máis porque a fiabilidade do coche non era boa

No **2013** o rendemento mellora e consegue 6 podios, aínda que tivo un mal comezo

No **2014** só consegue puntuar 2 veces.

No **2015**, o coche mellora e consegue 1 podio, puntuando na metade das carreiras

Ao comezar o **2016**, é confirmado coma piloto de Haas, un novo proxecto dos Estados Unidos. Comeza moi forte, pero o coche perdeu o rendemento e só puntuou en 5 carreiras

No **2017**, con mellor coche, puntuando en 8 carreiras. Puido puntuar máis veces pero a fiabilidade lastroulle

No **2018**, mellor coche ca no 2017, pero a fiabilidade lastroulle máis, polo que puntuou en 7 carreiras.

No **2019**, o coche baixa en rendemento. Comeza ben a última ocasión

Neste **2020**, só puntuou nunha carreira. Falta 1 carreira, pero non participará por seguridade.

Romain foi sinalado por accidentes graves provocados por el, coma o do GP de Bélxica do 2012, no cal víronse involucrados ata 5 coches, ou o do GP de España de 2018, que deu varias voltas a 150 quilómetros por hora e co fume fixo que outros coches non lle visen e impactasen contra el.

K POP – Pop Coreano

Antía Rodríguez (2º ESO)

Se aínda non coñeces o kpop non podes perdérvolo: é un estilo de música actual fundamental que fusiona o pop occidental con tendencias asiáticas. Velaí algunhas razóns para escoitarmos kpop:

- 1) Teñen unha edición increíble.
- 2) As súas letras conectan. Cantan en coreano, mais tamén en francés e inglés e podes descubrilas nos vídeos subtitulados. Tratan de amor, de amizade e de como ser ti mesmo/a.
- 3) Contan con coreografías sorprendentes que enganchan. Cos seus bailes moves todo o corpo, neles destacan os movementos das mans.
- 4) Gardan un gran coidado estético e unha vestimenta que adoita gustar á mocidade. A roupa e maquillaxe adoitan ser moi coloridos e ao gusto asiático.

Os grupos que debes coñecer son:

- **BTS.** Volveuse a escoitar e está de moda a súa música. Os seus temas tratan da igualdade.
- **Blackpink.** É un grupo de 5 mozas moi coñecidas. As súas cancións tratan do amor propio.
- **Stray Kids.** É un grupo de 8 mozos menos coñecidos, pero que gustan moito. As súas letras tratan a importancia de non renderse.



BTS

Para comezares a escoitalos proba con:

- **BTS:** MIC Drop, Dynamite.
- **Blackpink:** Pretty Savage.
- **Stray Kids:** Back Door.

A TIRA


Manga Pokemon

Uxía Soto (2º ESO B)



Eran e San Pedro

Francisco Grande (2º ESO C) e Antonio Grande (1º ESO C)



Enigma matemático

Hugo Regueiro e Pablo Rodríguez (1º ESO B)



Unha familia de catro membros decide saír a dar un paseo ao Vixiador. Despístanse e fáiselles de noite. Para chegar ao coche deben pasar por unha pequena ponte na que como máximo caben dúas persoas á vez.

O avó tarda en realizar o percorrido 10 minutos, ao pai lévalle 5 minutos, á nai 2 minutos e ao fillo 1 minuto. O camiño está escuro, pero dispoñen dunha lanterna que ten pila para 17 minutos.

Como deben emparellarse tendo en conta que un sempre volve para levar a lanterna aos que están no parque para chegar ao coche?

Pista: Sempre baixan 2 e sobe 1
Téntao!! Serás capaz de resolvelo???

SOLUCIÓN



QUE VER? QUE LER?

Sobre novidades editoriais e outras farturas creativas

Anxo Xoán Rajó Pazó (Profesor de Lingua Galega e membro xurado dos Premios da Crítica de Galicia)

Nun ano tan aciago para a cultura, e para a economía e a nosa sociedade en xeral, as boas novas apenas chegan. Mentres teatros e cines fican baleiros de estreas e de persoas, o regreso ao fogar, a ese lar moderno en que vivimos historias particulares que teñen coma fondo as redes sociais, xorde un movemento que ilusiona a aqueles que cremos na cultura coma factor de cambio dunha sociedade que vai e vén: o interese pola lectura.

É certo que esta pandemia trouxo consigo un aumento no número de vendas de libros de todo tipo, incluso de poesía, algo impensábel até hai uns meses. E non só iso, senón que moitos dos nosos poetas e un número abondo de escritores sentiron esa chamada necesaria do subconsciente que os anima a narrar novas e interesantes historias. Pois ben, nesta encrucillada nos atopamos cando xorde a noticia de que, novamente, unha poeta galega, Olga Novo, recibe o Premio Nacional de Poesía por *Feliz Idade*. Dous galardóns seguidos para dúas poetas galegas, xa que en 2019 recibía tamén este alto recoñecemento Pilar Pallarés, autora de *Tempo fósil*. Eis dúas recomendacións de dúas poetas únicas, ás que podemos sumar a Xela Arias e o seu *Tigres coma cabalos*, unha autora que homenaxearemos neste 2021 no Día das Letras Galegas.

Mais, non debemos esquecer que non foi o único galano que recibiu este ano a nosa poeta Olga Novo, pois tamén foi recoñecida co Premio da Crítica de Galicia, un dos máis singulares do noso país, e do que foron finalistas os poemas recollidos en *Atlas*, de Alba Cid; *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto, narrativa centrada na Galiza dos tempos da Segunda Guerra Mundial; e *O último barco*, de Domingo Villar, chea de misterio e tensión protagonizada polo inspector Leo Caldas. Todas elas lecturas altamente recomendábeis para tempos de paz e de lecer, ao carón dos lares.





Roulando nº1
Revista do IES República Oriental do Uruguai
Febreiro, 2021 - Teis (Vigo)



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**